

## PROGRAMA VOLUNTARIADO E ACCIÓN SOCIAL 18/19

Lanzamos un curso máis o programa de voluntariado con intención de animar a participar ó alumnado +16, ás familias e a toda a comunidade escolar en xeral.

Haberá unha pequena formación a cargo de Cáritas o martes 30 de outubro de 18:30 a 19:30 no Centro Loiola. Cada un dos voluntariados conta cun seguro de responsabilidade civil.



Para aclarar dúbidas e/ou anotarse:

Tfn. contacto 652 887 417

Correo-e: voluntariado@colegioapostol.com

INSTITUCIÓN	ACTIVIDADE	HORARIO E LUGAR
PROVIVIENDA	<p><i>Reforzo académico:</i>  <i>Ata o de agora hai un rapaz venezolano de 3º ESO e unha rapaza siria de 4º ESO que precisan apoio académico na rama das ciencias (F.Q., matemáticas, etc)</i>  <i>Coa posibilidade que co tempo aumente o número de nenos e nenas con necesidades e tamén de persoas adultas.</i></p>	<p><i>MÉRCORES 16:30 a 18:00</i>   <i>Local de Provivienda.</i></p>
RESIDENCIA SANTA MARTA	<p><i>Acompañamento a mulleres da zona de comedor de dependentes.</i></p>	<p><i>SÁBADOS 12:20 a 13:45</i>  <i>Residencia Santa Marta.</i></p>
APOIO ESCOLAR-CÁRITAS	<p><i>Apoio escolar: De nenas e nenos de Educación Primaria do barrio de Teis. Son rapaces e rapazas con situacións familiares complexas, que teñen dificultades académicas.</i></p>	<p><i>LUNS E XOVES 17:15 a 18:45</i>  <i>Centro Gárate.</i></p>
XARUMA	<p><i>Estimulación cognitiva:</i>  <i>Actividade que traballa, a través do xogo, cinco esferas: memoria, concentración, atención, percepción e linguaxe. A actividade está destinada a persoas con trastornos mentais que diariamente levan a cabo actividades na entidade. A labor do voluntariado será a de apoiar ao monitorado e levar a cabo os xogos e actividades propostas. Sempre estarian en compañía dun monitor ou monitora. Ata decembro será un grupo pequeno, dunhas 5 ou 6 persoas, e a partir de xaneiro o grupo podería ascender a 20 participantes.</i></p>	<p><i>MÉRCORES 17:30 A 19:00</i>   <i>Local de Xaruma, dentro do Centro Gárate.</i></p>
SECRETARIADO GITANO	<p><i>Reforzo académico:</i>  <i>A nenas e nenos de Educación primaria.</i></p> <hr/> <p><i>Programa "Sar-san" con mulleres ciganas:</i>  <i>Co obxectivo de que adquiran hábitos de vida saudable na casa (alimentación, saúde, etc.)</i></p>	<p><i>MÉRCORES 16:30 a 18:00</i>  <i>Local de Secretariado Gitano</i></p> <hr/> <p><i>POLAS MAÑÁS</i>  <i>Local de Secretariado Gitano</i></p>